

# BIODIVERSIDADE

## MARIÑAS CORUÑESAS e TERRAS DO MANDEO Reserva de Biosfera



## Camiños de auga que percorren o territorio enchéndoo de vida ...



A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo sitúase no noroeste da comunidade autónoma galega, dentro da provincia da Coruña, entre as rías do Burgo e Betanzos e conformada polas cuncas dos ríos Meró e Mandeo, abarcando unha superficie de 116.724 hectáreas.

O territorio inclúe zonas costeiras, vales litorais e serras interiores, estendéndose dende o litoral ata o límite coa provincia de Lugo, onde enlaza coa Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Sendo a segunda Reserva de Biosfera galega en superficie e a primeira reserva declarada na provincia da Coruña, representa o 14,33% da superficie da provincia, distribuída en 17 concellos: Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

### As zonas da reserva


**ZONA NÚCLEO:**  
É a zona menos alterada polo ser humano.  
O seu principal obxectivo é a CONSERVACIÓN.

**ZONA TAMPÓN:**  
Nela as actuacións do ser humano son parte da paisaxe.  
Nesta zona promoveranse os USOS TRADICIONAIS DOS RECURSOS, AS ACTIVIDADES EDUCATIVAS, FORMATIVAS E TURÍSTICAS.

**ZONA DE TRANSICIÓN:**  
É a zona de asentamento das poboacións.  
Nela promoverase o DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO dos seus habitantes.


Dentro da Rede Natura tamén existen varias Zonas de Especial Conservación (ZEC):

- Costa de Dexo
- Betanzos - Mandeo
- Encoro de Abegondo - Cecebre
- Costa da Morte



### Unha reserva con alma

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo é un refuxio de biodiversidade onde podemos atopar unha gran variedade de especies, tanto animais como vexetais, contabilizándose máis de 300 incluídas nalgún instrumento de protección tanto a nivel internacional, europeo, estatal ou galego.



• Máis información en: [www.marinabetanzos.org](http://www.marinabetanzos.org)

• Participa e colabora coa app para móbiles Biodiversidade na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

